

Xabier P. Docampo, (Rábade-Terra Chá, 1946) escritor

Case ó final da película de Garci «Your the one», Iñaki Miramón e Lidia Bosch toman un café, sentados diante dunha ventana. El é o mestre do pobo e ela a señorita da cidade. A el gustalle aquela muller que perdeu o seu

mozo nun cárcere. Ela fala daquel ausente, da súa maneira de ser, das conversas que tiñan, das súas viaxes xuntos e remata dicindo que aquel home tiña a gran virtude de ser quen de apaixonarse polas cousas.

Pensaba na escena vendo a Xabier P. Docampo falando dos contos, daquelas historias que aprendeu de neno dos beizos de Raimundo, seu pai. Todos sabían o conto pero pedían «Raimundo, agora conta ti».

«Sen dúbida, o acto máis sublime de amor que eu coñezo é contar unha historia»

RODRI GARCÍA
A CORUÑA

—¿Cal dos seus libros recomendaría ós lectores?


—Podo facer unha lista de libros maravillosos que recomendaría e ningún é meu. Cóstmame falar dos meus libros.

—¿Que destacaría de *Cando petan na porta pola noite*?

—Se algunha singularidade ten é a de tentar recuperar o amor pola narración tradicional, o amor polo desexo da ficción, polo desexo de contar historias. Cando escribín estas non me preocupaban tanto as historias, que son imaxinarias miñas, senón a forma de contar. ¿Por que aquela cerimonia de contar tiña aquel atractivo? ¿Como había aquel respeito tremendo polo narrador, que era unha especie de ministro sacramental que nos convocaba a todos? Creo que porque estabamos sendo obxecto dunha transmisión importante para o grupo, para a tribu, que era a transmisión da cultura e a transmisión da oralidade. Aqueles contos contábanse, e eso era o que me interesaba captar, cun desexo de que se seguiran contando. Eu tiña un exemplo magnífico que era meu pai. Ás veces, cando outra xente na casa contaba algo, sempre dicía alguén «Iso quen o conta ben é Raimundo, cóntao ti Raimundo». E empezaba coa mesma historia, que era totalmente distinta e dábaste conta que o importante era o narrador, a autoridade do narrador, que é a autoridade de ter vivido. As cousas máis inverosímiles ninguén as poñía en dúbida. Iso é o que me tiraba.

—¿Perdeuse ese hábito de contar historias?

—Non se perdeu o que é fundamental para que se contan historias, que é o desexo de que che contan historias. Isto móvese en dúas cousas, no desexo de contar, que iso non se pode aprender. Podes encontrar cursos onde se ensina a xente, pero nunca podes ensinar o desexo de narrar historias. Iso náceche. Outra cousa que non desapareceu é o desexo de que che contan historias. Estamos



Xabier Docampo gañou o Premio Nacional de Literatura Infantil con «Cando petan na porta pola noite»

seguido demandando historias. Si se ve tanta tele é porque a xente demanda historias. O ser humano necesita a ficción para vivir, para liberarse do caos. A ficción, ó revés do que parece, armoniza máis a vida do ser humano que a propia realidade, que ten unha tendencia caótica bastante fastidiada. Dicía Borges que «esas cosas só suceden na realidade».

—¿A ficción é un refuxio?

—Bueno, son cousas que se me veñen a cabeza. O ser humano quere algo que vai máis aló da realidade que é a verdade. O verdadeiro interésalle máis que o real. Hai unha realidade que atopamos en moita narrativa; pero si a esta se lle engaden outros elementos, coma os soños, que non forman parte da realidade obxectiva, entón é cando se crea o verdadeiro, que é unha especie de suma da realidade e soños.

A epístola como fórmula para dirixirse a un lector concreto

—¿Que pasa que xa ninguén escribe cartas?

—Agora volven en forma de *e-mail*. Son unha especie de cartas descuidadas, todas escritas con minúsculas ou con siglas estrañas que me costa interpretar. Pero a min gústame a carta que continúa a emoción de recibila na emoción de lela. Fixen un libro con cinco cartas. É un xénero que me gustou naquel intre e a forma máis estupenda de dirixirse a un lector concreto.

—¿En que anda agora Xabier P. Docampo?

—Nun guión dunha película baseada nunha novela miña aínda non publicada. E estou empezando a tomar notas para unha novela na que teño toda a ilusión que da o escribir algo que parte dunha foto que me ten moi excitado.

Unha biblioteca de 120 volumes

—¿É literatura oral a dos contacontos?

—Hai dúas tendencias dentro do mundo dos contacontos: unha a representativa, que é a que hai agora mesmo, máis teatral, máis escenificación. Logo hai outra que chamaríamos narrativa, que é a tradicional. A narrativa non se pode facer nun escenario, nunha escola... Na forma narrativa cóntanse contos ás persoas amadas. Teño escrito que o acto máis sublime de amor que coñezo é contar un conto, decátaste de que alguén te ama porque che conta un conto. O outro día díxome unha persoa que, cando coñeceu a súa actual compañeira, ela contoulle un conto sufí. Cando dixo aquilo púxoseme a pel de galiña, porque iso era o que andaba buscando.

—¿Prefire escoitar ou escribir?

—Non recoñeco a necesidade de escribir no sentido publicar, pero escribín sempre. Estou convencido de que iso tamén se relaciona co meu hábito de escoitador. Escoitei historias dende neno. Calquera que escoita historias

acabará desexando contalas e hoxe a forma máis cómoda de contar historias é por escrito.

—Pero Galicia está na cola da lectura...

—Penso que nunca tanto se leu como agora e, sobre todo, os nenos. Os adultos que contan o que leron de nenos son os que che din que leron noito porque na súa casa había unha gran biblioteca. E como si din que tiñan unha gran despensa, entón non pasaron fame. Na miña casa non había unha gran biblioteca, nin na maior parte delas. Ogallá agora en cada casa teñan unha biblioteca con 120 libros da literatura galega. A min iso paréceme o mellor que ten o que está a facer La Voz, pensar que haberá miles de casas que terán unha biblioteca de 120 volumes que nalgún momento alguén lerá. Non creo que cada un que merca dous libros á semana os esté lendo, o que importa é que estén nas casas. Os nenos de mañá dirán que na miña casa había 120 libros, todos encadernados iguais, pero distintos por dentro e aí empecei eu a ler.